

Orde	Apellido 1º	Apellido 2º	Nome	Centro	Enderezo	Localidade	Provincia	Quenda
45	López	No	Gabriel	CEIP Concepción Arenal	Marqués de Amboage, 2	A Coruña	A Coruña	2
46	López	Pereiro	Pablo	CPR Santiago Apóstol	Rúa Ferrol, s/n	Narón	A Coruña	2
47	Mantilla	Vega	Sandra Milena	CEIP Amaro Refojo	Rúa Irmáns Fernández Álvarez, nº 11	Verín	Ourense	2
48	Martín	Ferreira	Carolina	CEIP de Andrade	Andrade, 39 A	Pontevedra	A Coruña	2
49	Mateo	Viera	Jesús Francisco	IES Vilar Ponte	Rúa Antonio Ledesma, 20	Viveiro	Lugo	2
50	Monteagudo	Roma	Silvia	CPI Aurelio Marcelino Rey García	José María Lastra, 3	Cuntis	Pontevedra	2
51	Pérez	Rodríguez	Lara	IES Manuel Chamoso Lamas	Antiga estrada de Pontevedra - Mesego	O Carballiño	Ourense	2
52	Prado	Díaz	Ricardo	CEIP de Andrade	Andrade, 39 A	Pontevedra	A Coruña	2
53	Queijeiro	López	Xabier	IES Isaac Díaz Pardo	A Lagoa, 19	Sada	A Coruña	2
54	Rivero	Otero	Laura	CPI Virxe do Monte	A Feira do Monte	Cospeito	Lugo	2
55	Rodríguez	Ribeiro	Roberto	Hogar y Clínica San Rafael	R/ San Juan de Dios, 1	Vigo	Pontevedra	2
56	Sánchez	García	María	IES Manuel Chamoso Lamas	Antiga estrada de Pontevedra - Mesego	O Carballiño	Ourense	2
57	Valiño	Martínez	Alberto	Tirso de Molina	Rúa Arce, s/n	Ferrol	A Coruña	2
58	Varela		Federico Nicolás	IES Vilar Ponte	Rúa Antonio Ledesma 20	Viveiro	Lugo	2
59	Vázquez	Alonso	Antonio	Hogar y Clínica San Rafael	R/ San Juan de Dios, 1	Vigo	Pontevedra	2
60	Vázquez	Von Arx	Sara Marna	CEIP Nicolás del Río	Rúa López Cortón, s/n	Cedeira	A Coruña	2
61	Amado	Míguez	José Francisco	CEE María Mariño	As Xubias, 15	A Coruña	A Coruña	3
62	Carballeda	Fernández	Ainhoa	IES Manuel Chamoso Lamas	Antiga estrada de Pontevedra - Mesego	O Carballiño	Ourense	3
63	Cruz	Seijo	Eloy	IES de Mos	Petelos (San Mamede)	Mos	Pontevedra	3
64	Fernández	Silva	Cristian Jesús	IES Manuel Chamoso Lamas	Antiga estrada de Pontevedra - Mesego	O Carballiño	Ourense	3
65	Gabancho	Flores	Jon Jon	CPR Ntra. Señora de la Esperanza	R/ Cambeses, 18	Vigo	Pontevedra	3
66	Jiménez	Castro	María	IES Politécnico de Lugo	Rúa Armando Durán, 3	Lugo	Lugo	3
67	Mourón	Fernández	Borja	CEIP Pedro Barrié de La Maza	Rúa Miguel Pereiro Tacón, s/n	Sada	A Coruña	3
68	Nogueiras	Román	Kevin	CEIP Sergio Mascareñas	R/ Marcelo Macías, nº 59	Xinzo de Limia	Ourense	3
69	Pérez	Vázquez	Alba	CEIP Amaro Refojo	Rúa Irmáns Fernández Álvarez, nº 11	Verín	Ourense	3
70	Riveiro	Barreiro	Benjamín	Hogar y Clínica San Rafael	R/ San Juan de Dios, 1	Vigo	Pontevedra	3
71	Rodríguez	Pérez	José Manuel	CEIP Carballal	Rúa Freiría, 1 - O Carballal (Cabral)	Vigo	Pontevedra	3
72	Rodríguez	Vazquez	Alba	CEIP Carballal - Cabral	Rúa Freiría, 1 - O Carballal - (Cabral)	Vigo	Pontevedra	3
73	Romeiro	De Lucena	Weksley	CPI Dr. López Suárez	Rúa Rosalía de Castro, s/n (Escalirón)	O Saviñao	Lugo	3
74	Taibo	Barbeito	Carmen	CEIP Wenceslao Fernández Flórez	Rúa Wenceslao Fernández Flórez, 16	Cambre	A Coruña	3
75	Vázquez	Goncalves	Evelyn Adriana	IES Isaac Díaz Pardo	A Lagoa, 19	Sada	A Coruña	3

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 7 de maio de 2010 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes, o prazo de execución dos proxectos e de presentación da solicitude de cobramento establecidos na convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.*

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 1 de marzo de 2010, acordou aprobar as bases reguladoras das axudas aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.

As ditas bases fixéronse públicas mediante Resolución do 15 de abril de 2010 (DOG nº 73, do 20 de abril), e no punto segundo da dita resolución estableceíase un mes como prazo de presentación de solicitudes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Tendo en conta o alto volume de solicitudes presentadas desde a apertura da convocatoria e considerando que o prazo dun mes para a presentación de

solicitudes establecido nela podería non ser suficiente para a correcta preparación das solicitudes, modifícase o prazo de presentación de solicitudes e, polo tanto, o prazo de execución dos proxectos e de presentación da solicitude de cobramento para os proxectos que se executen no exercicio 2010, e mantéñense as datas establecidas na convocatoria para os proxectos que se executen no exercicio 2011.

Por todo o anterior, e en virtude das facultades que teño conferidas,

### RESOLVO:

Modificar a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, publicadas mediante Resolución do 15 de abril de 2010 (DOG nº 73, do 20 de abril), nos seguintes puntos:

-Amplíase o prazo de presentación de solicitudes ata o 21 de xuño de 2010 inclusive.

-Amplíase o prazo de execución dos proxectos no ano 2010, que non poderá superar o 15 de outubro, e mantense o 30 de setembro para os proxectos que se executen no exercicio 2011.

-Amplíase o prazo de presentación da solicitude de cobramento para o ano 2010, que non poderá

superar o 15 de novembro (artigo 18.1º das bases reguladoras), e mantense o prazo do 30 de outubro para a presentación da solicitude de cobramento no exercicio 2011.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica

*Resolución do 7 de maio de 2010 pola que se fai pública a modificación das bases para a xestión económico-financeira do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).*

O Consello de Dirección do Igape, por Acordo do 30 de marzo de 2000, aprobou as bases para a xestión económico-financeira do instituto, como instrumento delimitador dun marco estable de regulación da totalidade dos procesos de xestión económico-financeira e dun contorno competencial definido no ámbito orzamentario.

A referida regulación mantén aínda a súa idoneidade, malia o tempo transcorrido, ben que a distribución de competencias, en materia de aprobación do gasto e de xestión dos ingresos, precisa dunha actualización, co obxecto de redistribuír entre os titulares da Dirección Xeral e da Secretaría Xeral as correspondentes funcións, mediante o axuste do criterio cuantitativo fixado orixinariamente.

Por outra parte, tamén os procesos de validación das operacións contables, atribuídos neste momento á Subdirección de Xestión Económico-Financeira, requiren unha redistribución, motivada polo incremento dos procedementos de xestión de axudas con sinatura electrónica, o que aconsella precisar a implicación do titular da Secretaría Xeral neste ámbito, co obxectivo último de acadar unha xestión máis áxil e axeitada aos principios de economía, eficacia e demais aplicables á actividade deste Instituto.

Por todo o anterior e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Único.-Modifícanse os puntos das bases de xestión económico financeira do Igape que se indican, que quedan redactados do seguinte xeito:

-Base II, parágrafo sexto: con carácter xeral, o director xeral do Igape, nos casos de modificacións vinculadas a minoracións ou incrementos, ou o secretario xeral do Instituto, nos restantes supostos, poderán acordar reaxustes internos entre programacións, por proposta da Secretaría Xeral ou da Subdirección de Xestión

Económico-Financeira, por iniciativa propia ou do correspondente responsable de área, coa finalidade de adecualas ás necesidades reais, en cada momento.

-Base III, letra b), 2.2 parágrafo sétimo: resolver os procedementos de concesión de subvencións e axudas públicas, nos casos no que así delegue o Consello de Dirección do Igape. Nos procedementos tramitados en concorrencia competitiva, resolver os arquivos dos expedientes polas causas previstas na lexislación vixente, na fase de resolución do procedemento.

-Base III, letra b), 2.3 parágrafos segundo e terceiro: resolver o arquivo dos expedientes, nos casos previstos pola lexislación vixente, agás nos casos que son competencia do director xeral.

Resolver a desistencia e a renuncia de dereitos, nos casos previstos na lexislación vixente, agás nos casos que son competencia do director xeral.

-Base III, letra b), 2.4 parágrafos segundo e terceiro: resolver o arquivo dos expedientes, nos casos previstos pola lexislación vixente, agás nos casos que son competencia do director xeral.

Resolver o desestimento e a renuncia de dereitos, nos casos previstos na lexislación vixente, agás nos casos que son competencia do director xeral.

-Base III, letra b), 2.5: a contratación de bens e servizos, e, en xeral, a aprobación de calquera gasto, que non supere os 12.000 €.

Acordar, de forma mancomunada co director xeral do Igape, actos de disposición contra as contas correntes aperturadas, autorizándolle o establecemento de sinaturas suplentes, as que, en todo caso, deberán actuar mancomunadamente co director xeral ou o secretario xeral do instituto, ou entre eles, nos casos de ausencia dos anteriores.

-Base III, letra c): ... A Secretaría Xeral, de ordinario por medio da Subdirección de Xestión Económico-Financeira, validará as operacións, logo de comprobación da adopción de acordo polo órgano competente e do soporte documental correspondente a cada fase.

-Base IV, a) parágrafo sexto: os documentos contables correspondentes a estas fases serán autorizados, a proposta da Secretaría Xeral, pola Dirección Xeral do Instituto, sempre que a súa contía exceda de 12.000 €.

-Base VI, a): De acordo coa delegación de competencias establecida nestas bases, o director xeral do Igape é o tesoureiro e ordenador de pagamentos, ayuda que se delga esta atribución por razón de contía e ata un importe máximo de 12.000 € no secretario xeral. Nos casos de ausencia, o director xeral deberá habilitar expresamente o secretario xeral ou a calquera dos directores de área para que o substitúan nas súas facultades.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego  
de Promoción Económica